Xuízas e Xuíces
para a Democracia

ACTA DA SECCIÓN TERRITORIAL DE GALICIA

REUNIDA A SECCION TERRITORIAL vía telemática o 2 de marzo de 2.020, coa asistencia de: Teruca Conde-Pumpido, Paz Filgueira, Celeste Ameneiro, Miguel Aramburu, Xermán Varela, Javier Menendez, Isabel Olmos, Ana Rosa Pérez Quintana, Marcos Díaz Pereiro, Luis Villares e Sandra Piñeiro .

EXCUSARON A SÚA ASISTENCIA, por diversos motivos, todos xustificados, Julio César Díaz Casares, Roberto Soto, Raquel Fernández, Sonia Platas, Lorena López Mourelle, Fernando Cabezas.

Seguindo a Orden do Día:

A coordinadora deu pouca conta do Comité Permanente celebrado os pasados 18 e 19 de febreiro de 2.021, ao estar recén incorporada dunha baixa e estar prestando o servizo de garda en tales datas, ademais de coincidir con reunión do Observatorio Galego da Violencia de Xénero na mañá do día 19. Coñecido o Informe de Xestión do Secretariado, indicouse que o mesmo foi aprobado por unanimidade, nun ambiente cordial, así como que o vindeiro Congreso celebrarase, se as medidas sanitarias o permiten, en Zaragoza, en outono, sendo previsible que o seguinte, en 2.022, se celebre en Canarias.

Suscitouse o tema da bolsa de preparadores gratuítos, pedíndose explicacións acerca do proxecto de preparadores gratuítos, tanto en relación cos criterios de selección dos preparadores, como do alumnado, para o suposto de que quen soliciten o dereito á prestación sexan mais das prazas das que se dispoñan; si tal proposta non responde ás aspiracións de cambio do sistema de preparación ou do propio sistema de oposición para acceder á xudicatura; cuestionouse a eventual compatibilidade de quen integren

a bolsa de preparadores cos seus, en todo caso lexítimos, negocios de preparación, ademais da visión de que a asociación prepare gratuítamente opositores.

Tamén se piden explicacións acerca de publicacións en varios Boletíns por quen non pertencen á carreira xudicial, en particular por persoas que están preparando o acceso pola cuarta quenda.

A continuación, a compañeira Isabel Olmos foi aclamada como nova coordinadora da Sección Territorial, que foi entregada pola anterior coordinadora.

Deuse conta da proposta do compañeiro López Keller de aprobación de maneira expresa pola Sección Territorial da integración de XXPD, que figura actualmente na rede de "*ACAMPA pola paz e o dereito ao refuxio" (www.redacampa.org*), ao tratarse dunha plataforma cidadá sen ánimo de lucro radicada na Coruña que actualmente ten ramificacións en Madrid e no estado de São Paulo, cuxa finalidade é, como o seu propio nome indica, a defensa dos refuxiados e dos inmigrantes en xeral, dando a coñecer e tratando de sensibilizar á sociedade (e como utopía, tamén no futuro aos Gobernos) sobre a necesidade de buscar e atopar solucións xustas ás situacións creadas neste tema. Con esta finalidade organiza cada ano diversos actos, entre eles e principalmente a recreación dun campamento de refuxiados durante tres días nos xardíns de Méndez Núñez, con visitas guiadas, charlas, mesas redondas, etc. Ao redor dela estableceuse unha REDE ACAMPA integrada na actualidade por 38 entidades e colectivos sociais, cidadáns, políticos, culturais… rede que carece de toda infraestrutura ou regulamentación, nin xera obrigacións ou compromisos, sendo tan só un conxunto de colectividades con sensibilidade sobre esta materia que se relacionan para intercambiar información ou participar unhas nas actividades das outras. Eu mesmo vou participar como moderador nunha das mesas redondas que se organicen. Aquí están, por exemplo, Amnistía, Greenpeace, Médicos do Mundo, Médicos sen fronteiras, Open Arms, Oxfam Intermon, e outras; tamén hai partidos políticos e sindicatos como Esquerda Unida, Marea Atlántica, PSOE, CC. OO. UXT, etc. Despois de ilustrarnos Luis sobre tal colectivo e as súas xuntanzas en maio, en Coruña, emulando un campamento de refuxiados nos xardíns de Méndez Núñez, polo seu coñecemento, apróbase expresamente a integración de XXPD na rede de "*ACAMPA pola paz e o dereito ao refuxio", e o envío do logotipo para facelo figurar na publicidade, delegándose no compañeiro Carlos López Keller continuar con tal representación da asociación en tal*

colectivo, así como comunicarllo ao compañeiro Julio César pola súa implicación, dende a xurisdición contencioso-administrativa, no tema de refuxiados.

A continuación, acórdase a oportunidade de utilizar o formato telemático para vindeiras reunións, con morriña da vella normalidade e os formatos reunión-comida. A reunión por zoom permitiría reunións con maior asiduidade, con carácter trimestral/semestral, sendo a vella rutina, que non foi moi respectada pola coordinadora saínte, as reunións antes do Comité Permanente e do Congreso Anual, extremos sobre os que se ilustra á nova coordinación.

Non habendo outros temas que tratar, disólvese a reunión.

En Lugo, a 3 de marzo de 2.021.